



Concello de Vigo
Xerencia de Urbanismo
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

Praza do Rei, s/n
36202, Vigo
Tel.: 986 810 100 – ext. 1540
Fax: 986 224 780
Enderezo-e: martin.gimenez@vigo.org

EXP.: 1806/433

ASUNTO: delegación da presidencia da mesa de contratación

INFORME

I.- O 24.05.2015, celebráronse eleccións municipais, convocadas expresamente polo Real decreto 233/2015, de 30.03.2015 (BOE n.º 77, de 31.03.2015), promulgado en cumprimento do disposto no art. 42.3 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de marzo, do réxime electoral xeral, que prevé que a convocatoria se efectuará o quincuaxésimo quinto día anterior ao cuarto domingo do mes de maio, data prevista para a celebración das eleccións.

O 13.06.2015 celebrouse o acto de investidura da nova corporación do Concello de Vigo, na que D.^a María José Caride Estévez tomou posesión da acta de concelleira.

II.- O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, por Decreto de 19.06.2015, estableceu as áreas executivas do Concello de Vigo, designando como Concelleira-delegada da Área de Urbanismo a D.^a María José Caride Estévez.

III.- O 06.07.2015, celebrouse a sesión constitutiva do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo; a concelleira delegada da Área de Urbanismo, D.^a María José Caride Estévez, foi designada membro do Consello da Xerencia en representación do Grupo Municipal Socialista.

Na mesma data, o Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, ditou decreto polo que, de conformidade co preceptuado no art. 6.1 dos Estatutos deste organismo autónomo, nomeou Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo á citada concelleira.

Así mesmo, ditou decreto delegando na Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo as facultades contempladas como delegables no art. 5 dos Estatutos; entre estas delegacións, o apartado p) do número Primeiro confire a seguinte facultade:

“Exercer as funcións legalmente atribuídas ó Alcalde – Presidente da Xerencia para a incoación, instrucción e resolución de procedementos administrativos na Xerencia Municipal de Urbanismo, así como para a adopción das medidas cautelares que procedan nos mesmos.”

IV.- Consonte a facultade contemplada na Cláusula 9ª do prego de condicións económico-administrativas aprobado por acordo do Consello da Xerencia en sesión ordinaria de 03.10.2014, que rexen o procedemento para o alleamento por poxa pública á alza en sobre pechado das vivendas municipais da rúa República Argentina, a presidencia da mesa, atribuída ao Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, pode ser delegada

nun concelleiro membro do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

A delegación operada polo Decreto do Alcalde-Presidente de 06.07.2015 na Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo -concelleira membro do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo-, en particular no apartado extractado no parágrafo cuarto do punto III do presente informe, alcanza ás facultades como presidente da mesa de contratación deste procedemento.

CONCLUSIÓN

A presidencia da Mesa de contratación do presente procedemento, corresponde á Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, D.^a María José Caride Estévez, en virtude da delegación de atribucións presidenciais contida no decreto do Alcalde-Presidente da XMU de 06.07.2015.

Déase traslado do presente informe á Xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo, e insírase no perfil do contratante, para público coñecemento.

Vigo, 7 de xullo de 2015

O técnico de administración xeral

Martín Giménez Calviño

